

**DIPUTACIÓN PROVINCIAL
DE A CORUÑA**

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO
SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS E AGRUPACÍONS DE CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA, DE MENOS DE 50.000 HABITANTES, PARA O FINANCIAMENTO DO GASTO DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO NO ANO 2023

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Aprobadas as bases do “Programa de subvencións a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña, de menos de 50.000 habitantes, para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo no ano 2023” mediante acordo núm. 29 da Xunta de Goberno do 3 de febreiro de 2023.

Visto tamén que as citadas bases foron publicadas no BOP núm. 26, de 7 de febreiro de 2023;

RESOLVO:

1º. Aprobar a convocatoria do “Programa de subvencións a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña, de menos de 50.000 habitantes, para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo no ano 2023”, cuxas bases foron aprobadas mediante acordo núm. 29 da Xunta de Goberno do 3 de febreiro de 2023.


2º. O programa rexeráse polas bases publicadas no BOP núm. 26 de 7 de febreiro de 2023 dispoñibles en “https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2023/02/07/2023_0000000752.pdf”.

3º. O prazo de solicitude iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e finalizará ás 14:00 horas do día 3 marzo de 2023, tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa se realizará por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible desde a sede electrónica da Deputación da Coruña: <https://sede.dacoruna.gal/>.

4º. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se une como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), para a súa publicación a través del Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO
SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

ANEXO

CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del “Programa de subvenciones dirigido a los ayuntamientos y agrupaciones de ayuntamientos de la provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes para la financiación del gasto de personal de las oficinas de turismo durante el ejercicio 2023”, cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.mihap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primero. Beneficiarios

- Ayuntamientos y agrupaciones de ayuntamientos de la provincia de A Coruña con población inferior a 50.000 habitantes. A estos efectos, se tendrá en cuenta la población oficial del ayuntamiento según los datos del último padrón publicado por el Instituto Nacional de Estadística.
- Los ayuntamientos de menos de 10.000 habitantes que no dispongan de áreas de turismo ni personal asignado a la gestión de turismo en su organigrama, que no cuenten con grandes infraestructuras de alojamiento y que en su territorio dispongan de espacios, bienes u otros recursos capaces de generar dinámicas positivas para el turismo, estacional o eventualmente, podrán solicitar la subvención conjuntamente mediante la agrupación de ayuntamientos limítrofes (mínimo tres).
- Cada ayuntamiento o agrupación de ayuntamientos podrán solicitar una única subvención.

Segundo. Objeto

El objeto de la convocatoria es la financiación de las retribuciones del personal técnico para las oficinas de turismo de los ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos de la provincia de A Coruña de población inferior a 50.000 habitantes durante el año 2023.

Tercero. Bases reguladoras

El Programa se regirá por las Bases específicas, publicadas en el BOP núm. 26 de 7 de febrero de 2023 disponibles en

https://traductor.dacoruna.gal/fron-trad/urlTranslate.php?direccion3=gl-es&inurl=https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/02/07/2023_0000000752.html

Cuarto. Cuantía



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO
SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

El importe de la consignación asciende a un total de 800.000,00 €, con cargo a la partida 0510/4321/46201 del presupuesto ordinario para 2023. Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 10.000,00 € y un máximo de 20.000,00 €.

Quinto. Criterios de valoración

Los criterios de valoración de las solicitudes serán los siguientes, de acuerdo con la tabla de valoración que figura en las bases específicas:

1. Número total de plazas de alojamiento en establecimientos turísticos del ayuntamiento o agrupaciones de ayuntamientos.

Este dato se extraerá del Registro oficial de empresas y actividades turísticas dependiente de la Dirección general de turismo, referido a 31 de diciembre del año anterior al de la convocatoria.

2. Capacidad de cobertura de la demanda turística:

2.1. Ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos que dispongan de oficinas de información turística diferenciadas de otras dependencias.

2.2. Ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos que cuenten en sus presupuestos con un área o servicio de turismo diferenciada, personal asignado y crédito consignado.

2.3. Ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos que mantengan los servicios de información turística operativos a lo largo de todo el año, o un mínimo de 4 meses.

2.4. Ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos que cuenten con información turística en la red actualizada permanentemente (mínimo semanalmente caso de webs) a través de webs turísticas, redes sociales (Facebook, Twitter, Instagram, Flickr, Youtube...)... y desde hace como mínimo 1 año ; a estos efectos, se comprobarán las estadísticas de las páginas y de las redes.

3. Interés turístico y planificación sostenida:

3.1. Ayuntamientos declarados municipios de interés turístico.

3.2. Ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos que cuenten con fiestas declaradas de interés turístico gallego.

3.3. Ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos que en los 4 años anteriores hayan desarrollado planes encaminados a la calidad turística, cuenten con marcas de calidad turística local o que en el momento de la convocatoria estén en trámite de contratación.



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO
SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

3.4. Ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos que tengan certificados recursos turísticos bajo el criterio de alguna de las normas europeas calificadoras de la calidad (playas, recursos turísticos, patrimonio...).

3.5 Ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos que cuenten con establecimientos catalogados con la Q de calidad turística.

3.6. Ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos que cuenten en su territorio con espacios naturales catalogados como protegidos por normas autonómicas, estatales o europeas.

3.7. Ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos que cuenten en su territorio con patrimonio catalogado como Bien de Interés Comunitario BIC.

3.8. Ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos que cuenten con museos y centros de interpretación.

Sexto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de A Coruña, y finalizará a las 14:00 horas del día 3 de marzo de 2023.

Séptimo. Plazo de justificación

El plazo para la justificación de la subvención finaliza el día 29 de marzo de 2024 a las 14:00 horas.

Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria do "Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupación de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto do persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2023", cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO
SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

Primeiro. Beneficiarios

- Concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña con poboación inferior a 50.000 habitantes. Para estes efectos, terase en conta a poboación oficial do concello segundo os datos do último padrón publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

- Os concellos de menos de 10.000 habitantes que non dispoñan de áreas de turismo nin persoal asignado á xestión de turismo no seu organigrama, que non contén con grandes infraestruturas de aloxamento, mais que no seu territorio dispoñan de espazos, bens ou outros recursos capaces de xerar dinámicas positivas para o turismo, estacional ou eventualmente, poderán solicitar a subvención conxuntamente mediante a agrupación de concellos limítrofes (mínimo tres).

-Cada concello ou agrupación de concellos poderá solicitar unha única subvención.

Segundo. Obxecto

O obxecto da convocatoria é o financiamento das retribucións do persoal técnico para as oficinas de turismo dos concellos ou agrupacións de concellos da provincia da Coruña de poboación inferior a 50.000 habitantes durante o ano 2023.

Terceiro. Bases reguladoras

Programa rexeráse polas Bases específicas, que foron publicadas no BOP núm. 26 de 7 de febreiro de 2023 dispoñibles en https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2023/02/07/2023_0000000752.pdf

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 800.000,00 €, con cargo á partida 0510/4321/46201 do orzamento ordinario para 2023, As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 10.000,00 € e un máximo de 20.000,00 €.

Quinto. Criterios de valoración

Os criterios de valoración das solicitudes serán os seguintes, de acordo coa táboa de valoración que figura nas bases específicas:

1. Número total de prazas de aloxamento en establecementos turísticos do concello ou agrupacións de concellos. Este dato extraerase do Rexistro oficial de empresas e actividades turísticas dependente da Dirección xeral de turismo, referido a 31 de decembro do ano anterior ao da convocatoria.

2. Capacidade de cobertura da demanda turística:

2.1. Concellos ou agrupacións de concellos que dispoñan de oficinas de información turística diferenciadas doutras dependencias



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO
SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

2.2. Concellos ou agrupacións de concellos que contén nos seus orzamentos cunha área ou servizo de turismo diferenciada, persoal asignado e crédito consignado

2.3. Concellos ou agrupacións de concellos que manteñan os servizos de información turística operativos ao longo de todo o ano, ou un mínimo de 4 meses

2.4. Concellos ou agrupacións de concellos que contén con información turística na rede actualizada permanentemente (mínimo semanalmente caso das webs) a través de webs turísticas, redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram, Flickr, Youtube...)... e dende hai como mínimo 1 ano ; a estes efectos, comprobaranse as estatísticas das páxinas e das redes.

3. Interese turístico e planificación sostida:

3.1. Concellos declarados municipios de interese turística

3.2. Concellos ou agrupacións de concellos que contén con festexos declarados de interese turístico galego

3.3. Concellos ou agrupacións de concellos que nos 4 anos anteriores desenvolve-ran plans de achegamento á calidade turística ou contén con marcas de calidade turística local ou que no momento da convocatoria estean en trámite de contratación

3.4. Concellos ou agrupacións de concellos que teñan certificados recursos turísticos baixo criterio dalgunha das normas europeas cualificadoras da calidade (praias, recursos turísticos, patrimonio...)

3.5. Concellos ou agrupacións de concellos que contén con establecementos catalogados coa Q de calidade turística


3.6. Concellos ou agrupacións de concellos que contén no seu territorio con espazos naturais catalogados como protexidos por normas autonómicas, estatais ou europeas

3.7. Concellos ou agrupacións de concellos que contén no seu territorio con patrimonio catalogado como Ben de Interese Comunitario BIC

3.8. Concellos ou agrupacións de concellos que contén con museos e centros de interpretación

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP da Coruña, e finalizará ás 14:00 horas do día 3 de marzo de 2023.



**DIPUTACIÓN PROVINCIAL
DE A CORUÑA**

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO
SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

Sétimo. Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación da subvención rematará o día 29 de marzo de 2024 ás 14:00 horas.

Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>